



## Concello de Monterroso

---

### PROXECTO E BASES

### FEIRA DE OPORTUNIDADES, MARZO ABRIL 2024

#### XUSTIFICACIÓN:

O Concello de Monterroso, en colaboración cun grupo de empresarios da vila convoca e participa na organización do evento FEIRA DE OPORTUNIDADES, os días 22, 23 e 30 de marzo, co obxectivo de incentivar e potenciar o consumo na vila.

#### EVENTO:

Apertura dos comercios participantes na rúa, para poder mover o stock almacenado, promocionando o consumo na vila.

Os negocios poderán ocupar solo público durante os días de celebración do evento en horario comercial para poder desenvolver a actividade e exporán ao público os distintivos que lles proporcionará o concello.

O concello desenvolverá un sorteo tantos vales agasallo de 30'00 € como negocios participantes.

#### CALENDARIO:

Días 22, 23 e 30 de marzo.- Apertura de negocios

Vendas e entrega de papeletas de sorteo

Luns, 1 de abril.- Entrega no Espazo Cultural Lorenzo Varela das papeletas

Antes das 10:00 h. da mañá

Sorteo único

---

### Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617

### **BASES DE PARTICIPACIÓN:**

A campaña desenvolverase os días 22, 23 e 30 de marzo, dentro do evento FEIRA DE OPORTUNIDADES.

Os negocios interesados en participar deberán inscribirse antes do día 15 de marzo, por whatsapp no teléfono da traballadora de cultura. Tamén farán constar as mesas que precisan para desenvolver á actividade.

### **BASES DO SORTEO:**

A campaña desenvolverase os días 22, 23 e 30 de marzo, dentro do evento FEIRA DE OPORTUNIDADES.

O concello proporcionará aos negocios participantes as papeletas e urnas para desenvolver o sorteo, estes deberán cubrir o recadro correspondente para coñecer a procedencia das papeletas.

Non se poderán presentar ao sorteo os titulares dos comercios participantes, se son persoas físicas ou se os empresarios son persoas xurídicas, os socios, os seus familiares directos (cónxuxes, ascendentes ou descendentes en primeiro grado) ou os seus empregados, con papeletas obtidas por compras no seu propio establecemento.

Considéranse papeletas válidas as que conteñan todos os datos requiridos para la identificación dos participantes (nome, apelidos e teléfono) para así poder localizalos para realizar a entrega do premio.

O sorteo realizarse o día 1 de abril ás 10:00 no Espazo Cultural Lorenzo Varela e será retransmitido por redes sociais.

### **AS TARXETAS AGASALLO:**

Serán entregadas no Espazo Lorenzo Varela no momento que se recolla o material para o sorteo (papeletas e urnas)

Unha vez que os gañadores recollan a súa tarxeta e realicen o gasto no negocio correspondente, este facturará ao Concello de Monterroso, en concepto de 1 tarxeta agasallo e a axuntará á factura que presente no rexistro municipal.